

MT402A - Programa de axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas titulares dun inmovible ou ben.

Fin solicitudes: 17/02/2023

Importe: máximo 70% do orzamento e máximo 3.000€

a) Actuacións de restauración e/ou revestimento de **elementos da fachada:**

- Revestimento do ladrillo, bloques de formigón, morteiro de cemento.
- Acabar os paramentos cegos de fachadas, carpintarías e cerrallarías exteriores con deficiente estado de conservación (elementos descascados, humidades ou manchas permanentes)
- Aplicación ou renovación dos morteiros de rexuntado das fachadas de cachotaría ou cantaría (excluídas substitución de carpintarías, cerrallarías exteriores e picado de recibos).

b) Remate, renovación e/ou substitución do acabamentos exterior de **teceras:**

- Teceras en deficiente estado de conservación e substitución de teceras de placas de fibrocementos e outros materiais discordantes.

Inclúe: unidades de obra imprescindibles para o soporte non estrutural (excluídas: vigas, soportes, pontóns), remate ou renovación das teceras.

Acabamentos das teceras con tella cerámica.

c) Recuperación, restauración e/ou renovación de **muros de peche de terreos.**

- Revestimentos do ladrillo e/ou bloques de formigón sen revestir.
- Redución da altura dos muros.
- Recuperación, restauración ou arranxo de muros de pedra tradicionais.

* Gastos subvencionables:

Material de obra, man de obra, gastos honorarios facultativos e tributos aboados.

* Están excluídas as actuacións que se resolvan con labores de limpeza.

Máis info: Instituto de Estudos do Territorio secretaria.iet@xunta.gal 981541755

DOG nº 11 do 17 de xaneiro de 2023